

UD.1

O MUNDO A TRAVÉS DOS OLLOS DUN/HA XEÓGRAFO/A

Alejandro Pardo Rodríguez

1. Que é a Xeografía? A Xeografía e o espazo xeográfico

Xeografía (do grego **Ge** -Terra- e **Graphein** -representar, describir-) é a ciencia que se encarga da descrición e representación da Terra, así como da relación que existe entre o ser humano e o medio físico no que habita.

Divídese en 2 grandes bloques: **Xeografía Humana** (factores sociais/humanos) e **Xeografía Física** (factores naturais). A Xeografía ten como obxecto de estudo o **espazo xeográfico e o territorio**.

- **Espazo xeográfico:** toda a superficie terrestre.
- **Territorio:** espazo xeográfico acotado. Por exemplo por áreas ou fronteiras, “construtos sociais”.

Na súa versión mais instrumental, a Xeografía encárgase do **Planeamento e da Ordenación do Territorio**, a través de:


Análise – Diagnóstico – Prognóstico.

Por exemplo, en relación aos recursos hídricos:

1- Análise do caudal dos ríos de cada conca fluvial, para coñecer o volume de auga. Relación co clima, pola precipitación, tanto en forma de auga como nival (neve).

2- Diagnóstico sobre as concas fluviais excedentarias e as deficitarias.

3- Prognose: medidas adoptadas, ex. Trasvases ou desalinizadoras.



O espazo xeográfico

O espazo xeográfico ten as seguintes características:

- É localizable** a partir da rede xeográfica, as coordenadas xeográficas. É representable e medible, a través de mapas, gráficos ou imaxes.

,

- Pode ser estudado a partir de **distintas escalas**:
local < autonómica < estatal < continental < mundial.

- O espazo xeográfico **non é estático**, evoluciona co paso do tempo.



2. A paisaxe, que é?

“Paisaje” por Eduardo Martínez de Pisón

Actividade 1. a) 3' = 3 palabras. En solitario.



Actividade 1. b) En 3' por parellas: cambiaríades algunhapalabra? Como definiríades paisaxe?

2. A paisaxe, que é?

Paisaxe é o **espazo xeográfico/territorio máis a percepción** que temos do mesmo. Consta de **3 partes**: a parte **física** (obxectiva, o que hai) a parte **cultural** (a pegada que deixao ser humano) e a parte **inmaterial** (o que non se ve, a percepción + evocación, sensación, emoción).


Relacionado con isto, existen lugares que nos gustan “**topofilias**” e lugares que rexeitamos “**topofobias**”.





Definición do Convenio Europeo dá Paisaxe:

“Calquera parte do territorio tal como percíbe a a poboación, e cuxo carácter é o resultado da interacción de factores naturais ou/e humanos”



EUROPEAN LANDSCAPE CONVENTION
CONVENTION EUROPÉENNE DU PAYSAGE
COUNCIL OF EUROPE/CONSEIL DE L'EUROPE

Atendendo á dominancia de elementos que predominen, podemos clasificar as paisaxes:

Paisaxes naturais: predominan os elementos naturais, non foron afectados polo ser humano.



Paisaxe natural xeomorfolóxica.

Macizo do Annapurna, Cordilleirado Himalaya, Nepal.

A **Xeomorfoloxía** é a rama da Xeografía e da Xeoloxía que se encarga do estudo das formas da superficie terrestre.



Paisaxe natural fluvial Río Miño, Galicia.

A **Hidrografía** é a rama da Xeografía e da Xeoloxía que se encarga do estudo dos corpos de auga, os recursos hídricos continentais.



Paisaxe natural vexetal

Bosque de laurisilva,
Canarias.

A **Bioxeografía** é a rama da Xeografía que se encarga do estudo das formacións vexetais e da súa distribución por áreas no planeta.

Paisaxes modificados antrópicamente



**Paisaxe rural / paisaxe
agrario**

Vila e aproveitamentos
agrarios.



Paisaxe industrial Horta solar,
producción de enerxía solar a partir
de Placas fotovoltaicas.



Paisaxe terciario e tamén paisaxe urbano.

Rúa Príncipe, Vigo. Rúa comercial da cidade na que se desenvolve o sector servicios.

PAUTAS DE COMENTARIO - IMAXE PAISAXÍSTICA:



INTRODUCCIÓN

1.-Identificación do documento xeográfico(imaxe ou fotografía)

+ A fonte, se a coñecemos(de onde está extraído o documento ou queno realizou).

+O lugar, se o coñecemos.

2.-Definición de paisaxe.

3. Clasificación da tipoloxía de paisaxe en cuestión.

COMENTARIO

4. Descripción dos elementos xeográficos (físicos e humanos) presentes


. 5. Comentario sobre o fenómeno ou fenómenos xeográficos que amosa. (Definición e explicación). + Relación con outros territorios, dentro do país ou fora (comparación).


CONCLUSIÓN

6.Relación con outras áreas da Xeografía (interrelación de elementos)


7. Perspectivas de futuro do feito xeográfico analizado

3. A rede xeográfica





A **rede xeográfica** é un conxunto de liñas imaxinarias que serven como referencia para a localización xeográfica. Os **paralelos**: son círculos perpendiculares ao eixo terrestre. O paralelo de referencia (0°) é o ecuador, que divide a Terra en hemisferio Norte e Sur. Os **meridianos** son semicírculos que van de polo a polo. O meridiano principal (0°) chámase Greenwich.



As **coordenadas xeográficas** son o sistema de referencia baseado na rede xeográfica, que permite localizar puntos na Terra.

A **latitude** é a distancia en graos (angular) de calquera punto da Terra ao ecuador. Pode ser N ou S.

A **lonxitude** é a distancia en graos (angular) de calquera punto da Terra ao meridiano de Greenwich. Pode ser E ou O.

4. As proxeccións


Como pasamos a rede xeográfica a un plano?

Mediante as proxeccións.


Proxectar significa trasladar a rede xeográfica (tridimensional) a un plano (bidimensional). Existen 3 tipos principais (máis as proxeccións matemáticas)

- A proxección cilíndrica
- A proxección cónica
- A proxección polar ou acimutal.



A **proxección cilíndrica**: deforma as latitudes altas e mantén as baixas. A proxección resultante é un mapa rectangular no que paralelos e meridianos son perpendiculares entre sí. É a máis empregada.



A **proxección cónica** traslada os meridianos e os paralelos a un cono. Os meridianos converxen radialmente cara o polo e os paralelos son arquiños en semicírculo. É o tipo que menos deforma as latitudes medias.



A **proxección polar** traslada os meridianos e os paralelos a un plano que toca a Terra nundos polos. O resultado é un mapa redondo no cal os meridianos converxen cara o polo e os paralelos son círculos.



©

5. As fontes de información xeográfica

Obtemos información xeográfica a partir de fontes directas e indirectas.

As **fontes directas** consisten na toma de datos , directamente do territorio, levada a cabo polas propias xeógrafas.



-En **Xeografía Física** fanse medicións. Por exemplo: do desnivel e a altitude con técnicas topográficas; ou dos elementos climáticos (precipitación, temperatura, vento...) con estacións meteorolóxicas.

-En **Xeografía Humana** realízanse enquisas ou entrevistas á poboación.



As **fontes indirectas** son as que foron xa elaboradas e facemos uso da información presente nelas. **Esencialmente trátase de información estatística, mapas, gráficos, planos ou textos.**

- Instituto Xeográfico Nacional: <https://www.ign.es/web/ign/portal>
- Visores web e Sistemas de Información Xeográfica, como Iberpix: <https://www.ign.es/iberpix/visor/>
- INE: <https://ine.es/>
- IGE: <https://www.ige.gal/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>

6. As ferramentas xeográficas

As **fontes indirectas** comentadas anteriormente (información estatística, mapas, gráficos, planos ou textos) **tamén poden ser ferramentas xeográficas, xa que podemos elaboralos/as nós mesmos.** Son as ferramentas de traballo dos xeógrafos.

- **Técnicas cartográficas (os mapas e os planos)**
- **Gráficos**
- **Imaxes de satélite**
- **Imaxes de fotografías**
- **Sistemas de información xeográfica:** programas informáticos que permiten traballar con calquer tipo de dato que teña una localización xeográfica.

6.1. Os mapas

A **cartografía** é a ciencia que se encarga do estudo e da elaboración dos mapas. Existen diferentes tipos de mapas

Mapa político



Mapa físico




Pobreza en el mundo

% de población que vive con 5,50\$ o menos al día en PPA*

Mapa temático

Os mapas temáticos representan fenómenos xeográficos.

Existen distintos tipos de mapas temáticos.




As áreas sombréanse de distintas cores, frecuentemente da mesma gama cromática, que representan distintos valores dunha variable.

Utiliza a división administrativa e permiten comparar rexións

Pobreza en el mundo


% de población que vive con 5,50\$ o menos al día en PPA*



Este é un mapa temático de coropletas


Este é un mapa
temático
corocromático

Representan a superficie
ocupada por un fenómeno
xeográfico. Son
independentes da división
administrativa.




**Este é un mapa temático
de fluxos.**

**Representan un
fenómeno xeográficos
mediante fluxos. Por ex.
as migracións.**




Este é un mapa
temático de
diagramas.

Superpoñen a un
mapa diagramas ou
gráficos.




Este é un mapa
temático de figuras.

É outro xeito de
representar un
fenómeno
xeográfico.



Este é un mapa temático
anamórfico

Armas nucleares




É outro xeito de representar
a información, distorsionando a
superficie real dos territorios.

Fonte: **Nuclear Weapons**. World Mapper. Disponível em:

<https://worldmapper.org/maps/nuclear-weapons-2017/?sf_action=get_data&sf_data=results&sft_product_cat=population,politics>. Acesso em: 27 jan. 2019.

Mapa topográfico

É un tipo de mapa que representa os aspectos físicos e humanos máis destacados dun territorio. MTN (Mapa Topográfico Nacional).



6.2. As imagens de satélite, fotografias aéreas e ortofotos



A **fotografia aérea**, como o seu próprio nome indica, é uma fotografia tomada dende o aire.



Ortofoto: fotografía aérea rectificada (para que non teña deformacións) e xeolocalizada (con referencias de coordenadas), para poder traballar sobre ela como se fose un mapa.



